


bailarina frustrada

Laura Iturralde - iluminadora



Os comezos

Antes de falar da miña relación coa danza como deseñadora de iluminación penso que debería falar da miña relación coas artes vivas en xeral, que foi practicamente anecdótica ata que entrei na escola cando tiña 25 anos. Non tiña nin idea do que facía, só vin o panfleto no que puña que unha das saídas profesionais sería traballar en audiovisual e vino clarísimo: eu quería facer escenarios para pelis de ciencia ficción. Isto xa o contei en moitas ocasións pero paréceme importante suliñalo porque ultimamente vexo moitas mensaxes tipo: *¡Persigue tus sueños! ¡No te rindas, con esfuerzo lo conseguirás!* Pois non, non sempre se pode conseguir todo, pero é que pasa algo moi guai que é que (sorpresa!): As metas vitais son mutables!

Total, que eu quería facer naves e escenarios tipo *Alien, Blade Runner, 2001, Moon, Giger*, blanquito todo por un lado e terruños áridos polo outro. Esa era a miña idea. **JÁ!** Inocente!

En clase falábbanos de señores dos que nunca escoitara falar, e falaban deles como se xa os tivera que coñecer, e isto ás veces me facía sentir imbécil, e falaban moito moito dun señor que se apelidaba Chejov que o pobre non ten culpa de nada pero eu xa non podo nin escoitar o seu nome. Por fin aprendín quen eran eses tíos (e digo tíos porque eran todos homes claro) e que facían ou fixeron. Comezou a interesarme toda esa cousa das artes escénicas e a raíz diso comecei a facer algo que ata ese momento quizais non fixera máis de 5 veces na vida: comecei a ir ao teatro. Tiven tamén a gran fortuna de atoparme cunha docente, Alejandra Montemayor, que me fixo non só desenvolver sensibilidade cara a iluminación, senón crerme capaz de convertilo nunha profesión.

“calquera iluminadora tería recibido esa peza coma un caramelo”

E así, ao rematar a escola xa puideren dicir que xa fora moitas veces a ver teatro e incluso, mira ti, algunha vez ata vira danza!

Bailarina frustrada

Hai un factor moi importante do que fun consciente recentemente para explicar a miña relación coa danza como deseñadora. Sorprendínome moitas veces bailando en cabina durante os bolos a aí decateime da dura realidade: son total e absolutamente unha BAILARINA FRUSTRADA. Tamén son unha música frustrada, pero iso xa ten máis xustificación porque estiven tocando o violín durante 5 anos cunha profesora letona psicópata.

O caso é que morro de envexa coas miñas compis. Que dominio do corpo! Canta liberación! Cabrones!

Pero isto non fai se non aumentar máis o meu desexo de acompañalas coa luz, e de tentar potenciar o mellor que podoo que ocorre en escena. Desfruto moitísimo iluminando danza, porque tanto a danza como a música son os eidos nos que me sinto con máis liberdade creativa, porque me resulta moito máis doado traballar partindo de conceptos que de textos. Gústame observar a transformación dos corpos a través da luz, isto foi algo que sempre me interesou desde que estudei fotografía con 18 anos. E a relación da danza coa música é a guinda do pastel, trasladar o ritmo e o movemento do son ás luces é para min unha das cousas máis divertidas do mundo.

Sombras e luces das pantasma

Penso que o meu primeiro traballo de iluminación para unha peza íntegramente de danza (xa estamos no farragoso mundo das catalogacións) foi para a primeira produción de Pálido Domingo, *Non hai que ser unha casa para ter pantasma*. Esa foi a primeira dunhas cantas con esta compañía ata o de agora. Nesta peza todas desfrutamos dun proceso moi fermoso e recíproco. No primeiros ensaios foi moi conmovedor observar como creaban unha escena enteira a partir dunha proposta de luz. Isto vai soar moi ñoño pero nese momento fíxéronme sentir tan valorada e sentín tanto respecto cara o meu traballo que ata me daban ganas de chorar. Así, a miña figura como iluminadora tomou tamén papel na dramaturxia da obra. Resultoume tan fácil traballar con elas que a partir de aí iluminar danza comezou a ser para min coma un xogo no que as propostas escénicas e lumínicas confluían dun xeito superorgánico. De feito foi unha montaxe moi sinxela tecnicamente, como considero que foron todas as que compartín con esta compañía, en gran parte gracias á forma que teñen de adaptarse e de recoller as propostas. Foi moi importante nesta peza o tratamento das sombras, e por iso fago esta parada:

Alto para recomendación de libro!!: *El elogio de la sombra*, de Jun'ichirō Tanizaki.

O resultado foi unha atmósfera tenebrosa e barroca, aparecían membros seccionados, caras que flotaban e rastros que os corpos ían deixando. Calquera iluminadora tería recibido esa peza coma un caramelo e eu tiven a gran sorte de comezar así de ben.

“non vos parece a ostia estar aquí e agora?”

A profe plasta

Á hora de afrontar un deseño busco referentes plásticos, no meu arredor, na natureza, no cine, videoclips, fotografía, memes... pero cada vez me custa máis traballar con moitos referentes, penso que dilata moito o proceso creativo e que plataformas como *Pinterest* nos están a atrofiar un pouco o cerebro. Prefiro facelo dunha forma máis intuitiva e propoñelo do revés: pensar nalgo que me suxira os conceptos a tratar e atopar unha imaxe que me axude a transmitir esa idea. Gústame probar cousas, traballar *in situ*, todo o que teña que ver con estar nun espazo e contar con material co que traballar, sobre todo con máis persoas –aínda que soa tamén o paso pipa–. Este ano fun docente de iluminación durante uns meses na ESAD e tiven un alumnado de ouro. Lembro un día que fixemos varias probas de luz e, ao finalizar, pedinlle a todas que observáramos o traballo feito desde o patio de butacas. E alí estábamos a escuras, en silencio, e non puider evitar dicirlles entusiasmada: JODER! Non vos parece a ostia estar aquí e agora???? Eu non lles vin as caras pero debían estar pensando: que alguén nos rescate por Jesucristo!

De cando Diego perseguiu a unha señora

O solo de Diego Buceta, *As vacacións máis longas*, foi un proceso curto no que ás luces se refire. Neste caso só puidemos probar a parte técnica na mesma semana da estrea. Non obstante, foi fácil e agradecido. Antes de comezar a residencia tiven varias conversas con Diego para entender mellor os conceptos sobre os que traballar. Nunha altura do proceso, Diego mandoume unha foto que lle fixo de tapadillo a unha muller pola rúa que tiña o pelo rosa e turquesa (daquela estas cores non estaban tan de moda, pero Diego é un adiantado á súa época!), para dicirme: isto é o que quero para a miña peza. Debo aclarar que a instantánea foi tomada dende atrás a certa distancia, non vaia ser que agora alguén lle vaia á chepa a Diego por ir perseguindo á xente.

O deseño de luces concluíuse en moi poucos días. A peza transita, ou polo menos na miña cabeza, dende un lugar árido, rocoso e caluroso, ata un lugar celestial, cósmico no que Diego remata por desaparecer, como un pequeno punto nunha imaxe da Nasa.

Neste caso as músicas foron moi determinantes no proceso, se ben na anterior peza non existían ritmos moi marcados, nesta puiden establecer unha correspondencia entre a música e a luz (ui e o atrevida que me sentín nese momento!!).

O peixe voador

Non quero deixar de falar da peza *O Inevitable*, na que traballamos Borja Fernández, Diego Anido, Pablo Rega e máis eu baixo o nome de Colectivo Marciano Balboa. A min gústame ter cacharriños (de feito é o meu principal gasto ademés da sangrante cuota de autónomas). A eles gústalles fedellar. Polo tanto, fíxose un cóctel marabilla. Se ben a peza non é categorizable dentro da danza (as partes de Diego son as máis relacionadas co movemento), non quería deixala atrás polo enriquecedor do proceso, que tamén contiña videoproxeccións e na que traballamos de forma horizontal. Forramos xuntas de dourado un peixe voador teledirixido entre moitas outras frikeces e experimentamos con fume, láser e unha chea de trebellos que axudaban a relatar a vida de Antonio, o protagonista.

O Inevitable, como reza a súa sinopse, é unha acumulación de escenas baseadas nos efectos secundarios da fe católica, os remakes turkos de Rambo e os momentos máis íntimos da vida dun lobo solitario chamado Antonio, un tipo que fai milagres. Chimpún.

“morro de pena ao pensar que os PAR64 teñen os días contados”

Que a ti te funciona? Úsalo!

O seguinte traballo de danza no que traballei foi *A Gala*, de Furia Sotelo, deseño compartido coa miña querida compi Del Ruiz. Tiñamos moi pouco tempo de residencia. Por tanto invertín moito espazo cerebral no que sería o esquema de luces en sí. A peza falaba dunha gala.

As veces parto de imaxes cuxa relación cos conceptos a tratar poden parecer moi básicas pero eu aplico a lóxica que Cansado aplica aos productos homeopáticos: *que te funciona?? úsalo!! que no te funciona?? no lo uses!!*

Nunha gala hai lámpadas tochísimas. Non había cartos para ter unha lámpada tochísima, así que probei a amontonar unha chea de focos nunha vara a modo de lámpada de araña rudimentaria. Vale, quizáis levaba a un espazo máis *rockolero* pero penso que o resultado foi bo. Había tamén moita luz lateral, con proxectores PAR64 con lentes do 2 e do 1 (teñen un feixe bastante pechado). Morro de pena ao pensar que estes focos teñen os días contados...

Pentecostés

Pentecostés é a peza na que traballei por segunda vez con Pálido Domingo. A diferenza das pantasma, pedíronme fuxir da estética barroca, entendín que querían transformar todas as sombras das pantasma en luz, incluso chegar ao pop. Isto resultoume bastante complexo, sobre todo á hora de elixir as cores, hai cantos gregorianos, velas, e referencias a pasaxes relixiosas e todo me levaba a atmósferas cálidas e sombrías, estiven cambiando filtros ata o día da estrea. Esta peza integraba textos proxectados e rompinme bastante a cabeza coa composición espacial: para min era moi importante que os textos non apareceran sen máis: había que ubicalos no lugar correcto do espazo, debía haber un equilibrio visual entre corpos, luces e textos. Houbo que renunciar a imaxes potentes para poder respectar este equilibrio, esa orde no espazo na que a luz xogaba un papel moi importante xogando con liñas que segmentaban o espazo. De novo Diego, Belén e Fran adaptáronse e despois dunha primeira Residencia Paraíso na que probamos a facer liñas de luz seguiron traballando pola súa conta tendo en conta estas divisións. Para min é un traballo que ten moito de deseño gráfico pola composición, pesos visuais e organización, e isto supoño que ten que ver tamén con ter estudado deseño gráfico antes de comezar coas artes vivas.

Un deseño froito das limitacións

Que marabilla cando Davide González me propuxo este traballo e os seus referentes estaban cheos de brilli brilli, fluor e neón! Cando vin entre eles as fotografías de David LaChapelle non o dubidei. Davide tivo unha primeira Residencia Paraíso no Centro Cultural Santa Marta para desenvolver o seu proxecto *Microspectivas dun Marica Millennial*. É un espazo grande, novo, pero no que non hai NADA. Non tiñamos acceso á única ponte de *truss* nin a material de luces polo que eu levei a pouca cacharrada que tiña: 4 PAR LED e uns cantos *tomasitos*, e coloqueinos no chan porque non me quedaba outra. Fixen o que Diego Anido chamaría un provisionaldefinitivo. Ven sendo cando propós algo para saír do paso, dis que é para probar e ao final, xa sexa por desleixo ou porque realmente funciona (este foi o caso eh!) pois queda. E así foi en MMM. Toda a iluminación ven desde o chan, a excepción duns fluorescentes que engadimos a posteriori. Isto fai del un espectáculo totalmente adaptable a espazos non convencionais. Despois todo foi moi sinxelo, traballar con Incendiaria é unha marabilla xa que me deixaron total liberdade á hora de

“a pesar de ter formación como escenógrafa, son totalmente nula para pensar nun espazo antes que na luz”

suxerir o deseño. O espazo é de Carlos Alonso, dábase un pouco de medo que elementos como madeira, latas velas ou caixas de cervexa non convivisen ben coas cores flúor pero resultou ser unha fantasía de agroneón.

E non quero facer *spóiler* pero hai un momento *brilli brilli que te deja loca*.

Iluminadorescenógrafa

Bailar agora é unha proposta na que a intérprete, Marta Alonso, fala de ti a ti, de xeito honesto. Por iso parecíame importante non tentar fuxir a un espazo que non fora o do mesmo teatro. Observei desde o principio que había claramente unha liña na dramaturxia que ía tornando o mundo de Marta nun máis onírico e fantasioso a medida que avanza a peza, por iso hai dúas atmósferas moi marcadas: unha luz xeral, sen filtros, cun esquema bastante básico de frontal e contra. Como xa dixen antes, as veces as decisións veñen dadas de circunstancias moi casuais. Tiña claro que quería facer unha proposta de luz no que se vira a aparataxe escénica, isto non é *nadadoutroo jueves*, pero empeñeime en que as varas emitiran luz. E, por casualidade apareceu unha tira led no teatro. Daquela eu non tiña moita idea de como ía o das tiras led, e non sabía que este proxecto me ía servir para facer pouco menos que un máster. Probamos a poñer a tira ao longo dunha vara e gustounos. E a partir de aí xa viu todo o proceso de investigación sobre tiras led programables, *pixelmapping*, etc. Gústame pensar que nesta peza, así como no *Empapelado Amarelo* (producción da Quinta do Cuadrante), é a propia luz a que se converte en escenografía. A pesar de ter formación como escenógrafa, son totalmente nula para pensar nun espazo antes que na luz, de feito as poucas veces que o fixen non quedei contenta co resultado. Pero aquí foi o revés, e sin quere-lo din cun espazo que incluso cheguei a escoitar que é unha pirámide invertida! Antes falaba de como coa peza de Diego Buceta e como comecei a relacionar música e luz dun xeito bastante tímido. Pois en *Bailar Agora* penso que xa se me foi toda esa timidez compoñendo xunto con Marta e Xavier Bértolo unha escena na que luz, son e movemento están totalmente sincronizadas.

Agora mesmo a peza está rulando un montón e, como bailarina frustrada que son, véñenme á cabeza moitas das cousas que Marta conta nela. Pero isto gárdomo para min, ou para a Laura do futuro.

As tres lúas

O último traballo de danza que fixen foi *Serva-me, Servabo-te*, dirixida por Diego Buceta, Belén Bouzas e Fran Martínez (soávos de algo??...mhhhh). A peza conta cun elenco de 8 persoas e encargueime da iluminación, videoproxeccións e do espazo (este último xunto coa querida Carmen Triñanes).

Aproveito unha cousa que xa escribín sobre esta peza para explicar o que é para min o mundo de *Serva-me, Servabo-te*:

Para min é un non lugar, un espazo que reúne pasados e futuros, habitado polos mesmos seres desde que existe e ata que desapareza. O espazo e todo o que conforma, incluídos estes habitantes, é mutable, orgánico e cheo de ecos e de lembranzas doutros tempos vidos e por vir. Está enmarcado nunha atmosfera lánguida, onírica e borrosa que evoluciona e transita por diferentes momentos que, aínda que percibimos de xeito lineal, teñen lugar todos á vez. O espazo e os seus habitantes poden ser a un

“hai que rir moito na vida, caramba!”

tempo compasivos e violentos, melancólicos e eufóricos, sumisos e contestatarios, anxelicais e turbios. Trátase dun mundo no que os afectos están presentes en todas as súas formas.

As videoproxeccións neste caso teñen moito peso, xa que os propios intérpretes sirven como superficie de proxección, superpoñéndose figuras e evocando estes tempos pasados, futuros e simultáneos dos que falo antes. Moi importante aquí o traballo de vestiario de Xoel Álvarez, por crear as indumentarias axeitadas para facer isto posible e o de Xavi Bértolo, que axuda a crear a atmosfera da que falo.

As dificultades que atopei foron en gran parte dadas pola falta de costume de traballar con tanta xente, se ben de novo o equipo co que traballei foi fantástico. A verdade é que estou tendo moita sorte coas persoas que se van cruzando no meu camiño das que aprendo moitísimo e ademáis (moi importante), son xente divertidísima. Que hai que rir moito na vida, caramba!

Fin desta cita

Se chegastes ata aquí e aínda non vos sangran os ollos polas miñas faltas e pola turra que vos acabo de dar, o único que me queda é agradecer a Escena Plural este convite, que me fixo lembrar momentos e persoas moi especiais, e sorrir moito. Pois iso, que mola rir, sorrir e tamén escribir:

Texto 23. Cara a unha escena plural. Laura Iturralde.

Publicado en outubro de 2021 na órbita do proxecto “Cara a unha escena plural”, unha iniciativa que impulsa a circulación da danza e artes vivas de carácter profesional en Galicia. O proxecto, impulsado por Caterina Varela e Sabela Mendoza, nace no marco da Galicia Escena PRO 2019 e continúa dende 2020 co apoio de Agadic e distintos espazos colaboradores.